

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**10962** *Real decreto 404/2021, do 8 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, regula as organizacións de produtores e as asociacións destas nos sectores agrícolas, e establece unha serie de particularidades para as do sector das froitas e hortalizas.

A actual situación fai preciso efectuar unha modificación específica no anexo IV do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, ditado na súa aplicación, co fin de concretar nas comunidades autónomas de Canarias e das Illes Balears as illas que necesitan uns requisitos mínimos diferenciados respecto dos xerais, no relativo ao valor mínimo da produción comerciable por parte das ditas organizacións de produtores e o seu número mínimo de membros, dado que, polas súas características, sofren unha dobre insularidade pola súa situación xeográfica e un mercado moi fragmentado debido á baixa dimensión das súas explotacións. Por todo isto, aos produtores hortofrutícolas destas illas resúltalles practicamente imposible cumprir cos requisitos mínimos establecidos e non poden optar a recibir os fondos da Unión Europea para as organizacións de produtores que levan a cabo programas operativos, o que provoca unha situación de desigualdade no mercado que debe corrixirse.

Na tramitación deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non se prevén restricións de dereitos nin se impoñen obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, co cal se evitan cargas administrativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

O anexo IV do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, substitúese polo seguinte:

## «ANEXO IV

**Número mínimo de membros e de valor da produción comercializable das organizacións de produtores**

## a) Categorias (i), (ii) e (iii):

– Nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, La Gomera e El Hierro:

Número de membros	Mínimo valor produción comercializable
Entre cinco e quince.	1.000.000 €
Dezaseis ou máis.	100.000 €

– Nas illas de Menorca, Eivissa e Formentera:

Número de membros	Mínimo valor produción comercializable
Entre cinco e quince.	500.000 €
Dezaseis ou máis.	100.000 €

– Nas comunidades autónomas de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Castilla y León, a illa de Mallorca e as illas de Gran Canaria, Tenerife e La Palma:

Número de membros	Mínimo valor produción comercializable
Entre cinco e quince.	1.000.000 €
Dezaseis ou máis.	500.000 €

## 3.º Demais zonas:

Número de membros	Mínimo valor produción comercializable
Entre cinco e quince.	3.000.000 €
Entre dezaseis e corenta.	2.500.000 €
Máis de corenta.	1.500.000 €

## b) Categoría (v):

– En función do número mínimo de membros e do valor mínimo de produción comercializable. En todo o territorio nacional:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Cinco.	3.000.000 €

– En función do número mínimo de membros e do volume mínimo de produción comercializable. En todo o territorio nacional, excepto na Comunidade Autónoma das Illes Balears:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Vinte e cinco.	2.500 t

– En función do número mínimo de membros e do volume mínimo de produción comercializable. Na Comunidade Autónoma das Illes Balears:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Vinte e cinco.	1.250 t

c) Categorías (iv), (vii), (viii), (ix), (x) e (xi):

– Para todo o territorio nacional:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Cinco.	250.000 €

d) Categoría (vi):

– Para todo o territorio nacional, salvo as illas de Menorca, Eivissa e Formentera:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Cinco.	250.000 €

– Illas de Menorca, Eivissa e Formentera:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Cinco.	125.000 €»

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES